

DNI	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	1º EXERC.	2º EXERC.	CONCURSO	PUNTOS TOTAIS	DISCAP.
36052740X	VILCHES	MONAGO	LIDIA	15,380	8,000	0,06	23,44	NON
34948841L	REZA	DOMINGUEZ	JOSE ANTONIO	15,380	5,000	3	23,38	NON
34920258W	IGLESIAS	PADRON	GISELA	13,070	6,000	4,3	23,37	NON
76402530A	RODRIGUEZ	ARNONSO	Mª ANGELES	10,760	6,000	6,6	23,36	NON
33304483T	GONZALEZ	VAZQUEZ	EMILIO	12,300	7,000	4,05	23,35	NON
35255725Z	PEREIRA	FILGUEIRA	Mª DEL CARMEN	13,070	6,000	4,2	23,27	NON
14581408Y	PENAS	TORREIRO	MARIA LUZ	16,920	5,000	1,25	23,17	NON
33297688J	BOTANA	QUINTAS	ISABEL	16,150	7,000	0	23,15	NON
33297966S	SEGADE	TABOADA	EVA MARIA	16,150	7,000	0	23,15	NON
34961914M	CUUDE	CARBALLO	MARIA PILAR	16,920	6,000	0,2	23,12	NON
33839192M	FERNANDEZ	PEREZ	DORINDA	11,530	8,000	3,5	23,03	NON
01488084F	VELASCO	RUIZ	CONCHA	14,610	5,000	3,35	22,96	NON
35444034E	ORO	RUZO	MARI CRUZ DEL	13,840	6,000	3,1	22,94	NON
35283810Q	JUSTO	MONTES	JULIA	16,920	6,000	0	22,92	NON
33821150H	PEREZ	FERNANDEZ	MARIA DOLORES	10,000	8,000	4,9	22,90	NON
32445126S	GOAS	CASTRO	ANGELA	13,070	6,000	3,8	22,87	NON
33291639J	ALDREY	DELGADO	Mª DEL MAR	14,610	7,000	1,15	22,76	NON
35986761H	GONZALEZ	MARCUÑO	Mª CARMEN	10,760	5,000	7	22,76	NON
32668166R	CERCIDO	DIAZ	MARIA DE LA LUZ	17,690	5,000	0,05	22,74	NON
10059775N	LORENZO	LOPEZ	MONTERRAT	15,380	5,000	2,25	22,63	NON
76867442Q	REY	SEIJAS	ALICIA	14,610	5,000	3	22,61	NON
32404118Q	LIÑARES	SOLLA	ROSA MARIA	10,760	9,000	2,85	22,61	NON
35557341P	GREGORES	CARRIDO	ASUNCION	12,300	6,000	4,25	22,55	NON
35451601E	POMBO	QUINTANS	CARMEN	14,610	7,000	0,9	22,51	NON
35988255V	HERMIDA	MARTINEZ	MARIA ROSA	15,380	5,000	2,1	22,48	NON
09717019W	PANIAGUA	MONGE	Mª JOSE	10,760	6,000	5,7	22,46	NON
36053782V	CANITROT	FIDALGO	CONCEPCION	15,380	7,000	0	22,38	NON
78733291J	CURRAS	GIL	YOVANA	15,380	7,000	0	22,38	NON
33215140N	IGLESIAS	OTERO	MARIA MANUELA	15,380	7,000	0	22,38	NON
33249752D	LIAS	CASTRO	MARIA DEL CARMEN	13,840	8,000	0,5	22,34	NON
32664968T	PIÑEIRO	ORJALES	ANA BELEN	13,840	7,000	1,5	22,34	NON
76501787S	FERNANDEZ	AGRA	SARA	14,610	6,000	1,7	22,31	NON
32400184S	AROCHENA	LOPEZ	Mª CARMEN	12,300	5,000	5	22,30	NON
36038326V	CABALEIRO	GONZALEZ	MARIA ESTHER	11,530	5,000	5,73	22,26	NON
32435658T	MOSQUERA	PULLEIRO	Mª DEL PILAR	16,150	6,000	0	22,15	NON
32657563R	FERNANDEZ	ORDOÑEZ	SANTIAGO	13,070	6,000	3	22,07	SI
76337649M	BOTANA	RICO	ANTONIO	12,300	5,000	0	17,30	SI
32666414C	RODRIGUEZ	DOPICO	ADRIANA MARIA	11,530	5,000	0	16,53	SI

## V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

### XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA NÚMERO UN DA CORUÑA

*Edicto (732/2001).*

A secretaria do Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción número un da Coruña, fai saber que nos autos que a continuación se dirán consta sentenza, cun encabezamento e dictame que son do teor literal seguinte:

«Sentencia. Na Coruña vintenove de novembro de dous mil dous.

Vistos por min, Javier San Claudio Piñón, maxistrado-xuíz de primeira instancia número un dos desta cidade, os presentes autos de xuízo verbal civil, tramitados neste xulgado co número 732/2001-L, por instancia de *Unión Financ. Asturiana, S.A.-Entidad Finan*, representado polo procurador José Luis González Martín e defendido polo letrado Prieto Valiente, contra José Antonio Argiba y Nogueira, o cal se encontra en ignorado paradoiro, sobre reclamación de cantidade; e, dictamino que estiman do integra-

mente a demanda interposta polo procurador González Martín na representación de *Unión Financiera Asturiana, S.A.* condeno a José Antonio Argibay Nogueira a pagar á demandante o importe de 2.454,68 euros máis os xuro legal do diñeiro incrementado en dous puntos desde a data desta resolución ata o completo pagamento. As custas impóñense ó demandado. Notifíquese esta resolución ás partes con indicación de que contra ela e de acordo co previsto no artigo 455 da LAC cabe recurso de apelación a preparar neste xulgado no prazo de cinco días contados desde o seguinte á súa notificación.

Así, por esta miña sentenza, pronúncioo, mándoo e asínoo».

E expídese este edicto para que sirva de notificación en legal forma á parte demandada José Antonio Argibay Nogueira, o cal se encontra en ignorado paradoiro.

A Coruña, vintenove de novembro de dous mil dous.

A secretaria  
Rubricado

**XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA  
NÚMERO OITO DE VIGO**

*Edicto (340/2002).*

José Luis Gutiérrez Martín, secretario do Xulgado de Primeira Instancia número oito dos de Vigo, testemuño que nos autos de xuízo de desafiuamento 340/2002 se dictou a seguinte resolución:

«Sentencia.

Vigo, 24 de setembro de 2002.

José Manuel Couñago Garrido, maxistrado-xuíz do Xulgado de Primeira Instancia número oito dos de Vigo, viu estes autos de xuízo verbal de desafiuamento 340/2002, entre os que son partes:

Demandante: María Amaro Martínez, o procurador Alberto Vidal Ruibal, asistida do seu letrado Ricardo Santoro Vidal.

Demandada: Elvira Ramírez Cerqueira.

Versa a litis sobre falta de pagamento de rendas da vivenda sita en Canceleiro, 9-2º A, Vigo.

Decido que estimando integramente a demanda interposta por María Amaro Martínez representada polo procurador Alberto Vidal Ruibal contra Elvira Ramírez Cerqueira, debo declarar e declaro a resolución do contrato de arrendamento que liga as partes, respecto da vivenda sita na rúa Canceleiro, 9-2º A Vigo, apercibíndoa de lanzamento se non desaloxa a vivenda dentro de termo establecido na lei, condenando a Elvira Ramírez Cerqueira, ás custas.

Contra esta sentenza cabe recurso de apelación ante a Audiencia Provincial de Pontevedra, que deberá prepararse no prazo de cinco días por medio de escrito presentado ante este xulgado, consonte o disposto no artigo 455 e seguintes da LAC, facéndolle saber ó recorrente do cumprimento do artigo 449.1º do mesmo precepto legal.

Así por esta miña sentenza pronúncioo, mándoo e asínoo».

E para a súa inserción no *Diario Oficial de Galicia*, de xeito que sirva de notificación para Elvira Ramírez Cerqueira demandada que está en paradoiro descoñecido, expídese este edicto en Vigo, o 9 de xaneiro de 2003.

O secretario xudicial  
Rubricado

**XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA  
E INSTRUCCIÓN NÚMERO DOUS  
DE NOIA**

*Edicto (79/2002).*

Nos autos de divorcio que se seguen neste xulgado co número 79/2002 entre Ramona Romero Olveira

contra Constantino Maneiro Piñeiro, nos que é parte o Ministerio Fiscal, dictouse sentenza cun encabezamento e parte dispositiva que son do teor literal seguinte:

«Sentencia.

En Noia, 25 de febreiro de 2003.

Mª Elvira Gutiérrez Fernández, xuíza de Primeira Instancia e Instrucción número dous de Noia e o seu partido, tendo vistos os presentes autos de xuízo de divorcio 79/2002 seguidos ante este xulgado entre Ramona Romero Olveira, maior de idade, representada polo procurador sr. Pena Abeijón e asistida do letrado sr. Sánchez Trigo e Constantino Maneiro Piñeiro rebelde, con intervención do Ministerio Fiscal.

Dictamino que estimando a demanda formulada polo procurador sr. Pena Abeijón en nome e representación de Ramona Romero Olveira debo declarar e declaro a disolución por divorcio do matrimonio contraído o 26 de febreiro de 1984 en Nebra, entre Ramona Romero Olveira e Constantino Maneiro Piñeiro, con tódolos efectos legais inherentes a tal declaración, establecendo como medidas reguladoras dos efectos da crise conxugal as seguintes:

a) Quedan revogados tódolos poderes e consentimentos que puideran terse outorgado entre si os esposos.

b) Asígnase a Ramona Romero Olveira a guarda e custodia dos dous fillos do matrimonio Javier e Silvia Maneiro Romero por ser menores de idade sen prexuízo do exercicio conxunto da patria potestade en canto ás decisións de interese extraordinario para os menores, exercéndose en canto ás cuestións ordinarias polo cónxuxe que en cada momento os tivera consigo.

c) Fíxase o seguinte réxime de visitas a favor do señor Maneiro Piñeiro.

-Poderá te-los seus fillos na súa compañía as fins de semana alternas desde as 11 horas do sábado ás 20 horas do domingo, debendo recollelos e devolvelos no domicilio familiar, sen impedi-lo desenvolvemento de actividades escolares ou formativas previamente programadas.

-Poderá ter consigo ós dous fillos nos períodos de vacacións escolares na forma seguinte: un mes no verán que será en xullo nos anos pares e en agosto nos anos impares, sete días en Nadal que en anos pares incluírán Noiteboa e Nadal e nos impares Noite Vella e Reis, e catro días en Semana Santa nos anos pares durante a primeira metade e nos impares durante a segunda.

d) Non procede realizar atribución do uso do fogar familiar.

e) Non se fixa pensión compensatoria ningunha.

f) Declárase a disolución da sociedade de ganancias.